JACOBO BARREIRO PIMENTEL (1 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 11/12/2025
HASH: b25225e645551fab53f3fdb1e4a64a0f5
Concello de Baiona

Jesús Vázquez Almuiña (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 11/12/2025
HASH: b4d8403412695224ac51211eee7e641a16
Concello de Baiona

EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2025/37	A Xunta de Goberno Local

D.JACOBO BARREIRO PIMENTEL, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2025, por unanimidade, o seguinte acordo:

10.- Expediente 3469/2025. Subvencións por Concorrencia Competitiva

ANTECEDENTES

Con data 03/09/2025 o Concelleiro de Cultura D. Policarpo Vilar Misa, emite Memoria Xustificativa para a incoación do expediente de convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a centros, entidades, ou asociacións do Concello de Baiona, que carezan de fins de lucro, para a realización de actividades culturais no ano 2025.

Con data 22/09/2025, dito concelleiro asina a proposta de Bases de subvencións en Réxime de concorrencia competitiva para actividades culturais no ano 2025.

Así mesmo, consta no expediente certificado polo que se acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 334/48900 con nº de operación 10346, polo importe de 12.000 €.

CERTIFICADO
Número: 2025-1095 Data: 11/12/2025
Cod. Validación: 9C4WYC7PZPYHSMP49XA6QRWFX
Corrección: https://baiona.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Con data 23/09/2025 emítese informe xurídico polo titular da secretaría municipal. Con

data 24/09/2025 emítese o correspondente informe de fiscalización das bases.

Con data 25/09/2025 asínase proposta de Alcaldía elevando ao pleno a adopción do acordo.

O Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 6/10/2025, aproba provisionalmente ditas bases reguladoras e con data 13/10/2025 publícase no BOPPO número 195 o anuncio de exposición publica polo prazo de 30 días hábiles.

Con data 26/11/2025 emítese certificado polo Secretario do Concello no que consta que non se presentou alegación algunha, polo que automaticamente elévase a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio de ditas bases.

Con data 4/12/2025 publícanse no BOPPO nº 233 a aprobación definitiva das devanditas bases xunto co seu texto íntegro.

No relativo ao órgano competente para a aprobación da convocatoria das subvencións é a Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2023 de delegación de competencias.

Por todo o exposto, esta Alcaldía, eleva á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte
ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de concesión de subvencións aos centros, entidades ou asociacións do Concello de Baiona, que carezan de fins de lucro, para a realización de actividades culturais no ano 2025.

Segundo.- Autorizar o gasto no importe de **12.000 €: doce mil euros**, de conformidade co documento contable de retención de crédito nº 10346 na aplicación orzamentaria 334-48900 do Orzamento Xeral de 2025.

Terceiro.- Remitir un extracto das bases reguladoras á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

_____

Vista a proposta de acordo obrante no expediente de referencia, que a Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local, ésta, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de concesión de subvencións aos centros, entidades ou asociacións do Concello de Baiona, que carezan de fins de lucro, para a realización de actividades culturais no ano 2025.

Segundo.- Autorizar o gasto no importe de **12.000 €: doce mil euros**, de conformidade

CERTIFICADO
Número: 2025-1095 Data: 11/12/2025
Cod. Validación: 9C4WYC7PZPYHSMP49XA6QRWFX
Corrección: https://baiona.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

co documento contable de retención de crédito nº 10346 na aplicación orzamentaria 334-48900 do Orzamento Xeral de 2025.

Terceiro.- Remitir un extracto das bases reguladoras á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

_____

E para que conste, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CERTIFICADO
Número: 2025-1095 Data: 11/12/2025

Cod. Validación: 9C4WYC7PZPYHSMP49XA6QRWFX
Corrección: https://baiona.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3